

ACTA 19/19

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 12 DE NOVEMBRO DE 2019 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 12 de novembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a María López Álvarez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.^a M^a Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.^a Iria Otero Romero

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBES E DEPORTISTAS FEDERADOS**
- 2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES EDUCATIVAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.-PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBES E DEPORTISTAS FEDERADOS

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 5 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 20/05/2019 as Bases da Convocatoria de subvencións a clubs e deportistas federados, polas actividades realizadas en 2019, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº104 de data 04/06/2019.

Téndose valorado a documentación presentada polos clubs e deportistas interesados por parte da comisión de valoración á que se refire a base 5ª da convocatoria, que presenta acta de data 17/10/2019, na que figuran as puntuacións acadadas e os importes propostos para as axudas concedidas.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 05/11/2019.

Considerando o disposto na citada Base 5ª da Convocatoria referida ,así como o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a acta da Comisión de valoración de data 17/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican aos seguintes clubs e deportistas federados:

(...)

Quedan excluídas da convocatoria as seguintes entidades e deportistas individuais polos motivos que se enuncian a continuación:

(...)

Segundo.- Dar conta do presente acordo aos interesados así como aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.”.



Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:

Primeiro.- Aprobar a acta da Comisión de valoración de data 17/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican aos seguintes clubs e deportistas federados:

CLUB	MODALIDADE	Contía á que opta
CLUB SAN FRANCISCO TEO	KARATE, JUDO, XADREZ E F.S.	4.633,75 €
SR CALO	FÚTBOL E FS	4.426,90 €
CLUB FAMILY LOS TILOS	PADEL E TENIS	4.220,05 €
S. D. CACHEIRAS	FÚTBOL E FS	3.682,24 €
PRAÍÑA SP. C	FÚTBOL E FS	3.516,76 €
TKDENODO	TAEKWONDO	2.647,99 €
PATINAXE ARTÍSTICA DE TEO	PATINAXE ARTÍSTICA	2.151,55 €
ASOCIACIÓN VALENTES	RUGBY E F. AMERICANO	1.737,85 €
AEROMODELISMO ESTELA	AEROMODELISMO	1.489,63 €
CF RARIS	FÚTBOL	993,28 €
TOTAL:		29.500 €

DEPORTISTA INDIVIDUAL	MODALIDADE	Contía á que opta
LORENZO COUSO, RUTH	KARATE	1.300 €
SANTOS VEIGA, XAVIER	KARATE	1.300 €
VAZQUEZ DIAZ, TOMAS	KICKBOXING	1.300 €
PEREZ VIDELA, MINIA	PATINAXE ARTÍSTICA	1.158,50 €
MELLA BOULLÓN, LAURA	PATINAXE ARTÍSTICA	1.158,50 €



DEPORTISTA INDIVIDUAL	MODALIDADE	Contía á que opta
LAMA-PEREIRA LAGE, ALVARO	BILLAR	720,36 €
DIAZ PAZOS, MARTINA	XIMNASIA RÍTMICA	300,22 €
CANTÓN ARMADA, CLAUDIA	XIMNASIA RÍTMICA	300,22 €
LOPEZ BARREIRO, NEREA	XIMNASIA RÍTMICA	240,20 €
IGLESIAS VALUJA, ALBA	XIMNASIA RÍTMICA	240,20 €
CASTRO VALIÑO, MARIA	XIMNASIA RÍTMICA	120,16 €
VINSEIRO VILABOA, AINHOA	XIMNASIA RÍTMICA	120,16 €
RIAL GARCIA, LARA	XIMNASIA RÍTMICA	120,16 €
MOSQUERA ACEVEDO, CARLOTA	XIMNASIA RÍTMICA	60,66 €
MARQUEZ RODRIGUEZ, SILVIA	XIMNASIA RÍTMICA	60,66 €
TOTAL:		8.500 €

Quedan excluídas da convocatoria as seguintes entidades e deportistas individuais polos motivos que se enuncian a continuación:

CLUB	MODALIDA DE	MOTIVO
C B AMIGOS DE TEO	BALONCEST O	Documentación incompleta
ASOCIACIÓN DE BILLAR DE TEO	BILLAR	Desestimento da solicitude polo presidente do club

DEPORTISTA INDIVIDUAL	Disciplina	MOTIVO
PRECEDO LÓPEZ, NOA	XIMNASIA RÍTMICA	Documentación incompleta

DEPORTISTA INDIVIDUAL	Disciplina	MOTIVO
IGLESIAS BALUJA, IRENE	XIMNASIA RÍTMICA	Non competiu en ámbito autonómico.
CALVO CARAMÉS, ANDREA	PATINAXE ARTÍSTICA	Fóra de prazo
FERREIRO PARENTE, ZAIRA	PATINAXE ARTÍSTICA	Fóra de prazo
GOMEZ VALOIS, INÉS	SQUASH	Fóra de prazo
GOMEZ VALOIS, PASCAL	SQUASH	Fóra de prazo

Segundo.- Dar conta do presente acordo aos interesados así como aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES EDUCATIVAS

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 8 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

“ PROPOSTA DE ALCALDÍA ”

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 20/05/2019 as bases da convocatoria de subvencións a entidades educativas, polas actividades realizadas en 2019, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 03/06/2019.

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presenta a súa acta de data 30/10/2019, proponiéndose nesta última os importes a conceder.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 08/11/2019

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 30/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

(...)

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.”.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 30/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

<i>CENTROS EDUCATIVOS</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>	<i>TOTAL SUBVENCIÓN (50,20 € cada punto)</i>
CEIP A RAMALLOSA	35	1,757€
CEIP OS TILOS	25,25	1.267,55€
IES CACHEIRAS	40	2.008,00€
CRA TEO	19,25	966,35€
TOTAL	119,5	5.998,90€

<i>ENTIDADES</i>	<i>TOTAL PUNTUACIÓN</i>	<i>TOTAL SUBVENCIÓN (86,41€ cada punto)</i>
ANPA A RABADELA (CALO)	16,50	1.425,76€
ANPA COBAS (CEIP OS TILOS)	24,25	2.095,44€
ANPA IES CACHEIRAS	23	1.987,43€
ANPA A CANTOÑEIRA (CRA)	2,25	194,42€
ANPA RÍO TELLA (A RAMALLOSA)	15	1.296,15€
TOTAL	81	6.999,20€

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizo económico aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz